

Análise por tipo de actividade

PRODUCCIÓN AGRO-ECOLÓXICA CERTIFICADA NA GALIZA

Xan Pouliquen

No número anterior achegamos unha visión global da situación da produción agro-ecolóxica certificada no noso país. Nesta nova entrega, imos deternos algo máis en cada unha das grandes actividades produtivas.

CASTAÑA

A castaña galega goza na Galiza dunha imaxe xa de por si moi ecolóxica, que se proexecta dentro e tamén fóra. Isto corresponde a unha realidade na que o emprego de produtos químicos é moi limitado (herbicidas, cicatrizantes, abonos se hai pasto). De aí que o aumento da certificación ou o desenvolvemento de campañas de sensibilización dentro de Galiza poderían ter un efecto negativo: competir coa mesma castaña, non certificada. Neste contexto, a certificación practicamente só ten interese se se pretende exportar fóra do Estado español.

Débese ter en conta que a produción de castaña é unha actividade economicamente complementaria, en moitos casos desligada da actividade agraria. A certificación da produción de castaña, non vai modificar o sistema de produción, de por si xa ecolóxico ou case ecolóxico. Por todo isto, non debemos considerar a certificación da produción de castaña como unha tarefa de máxima prioridade na "ecoloxización" do sistema produtivo galego.

VIÑA E VIÑO

O minifundio, a extrema concentración da produción de viña en determinadas zonas, o feito de que a produción sexa outra actividade complementaria, e a climatoloxía, dificultan moito as posibilidades técnicas de termos un cultivo ecolóxico. O viño ecolóxico ten moi pouca demanda dado que non pode ser un produto barato, e en todo caso esta demanda está fóra da Galiza, e mesmo da península. Polo tanto, o desenvolvemento desta produción pode custar moito esforzo para poucos resultados, e non debe ser unha prioridade na actualidade.

©Alberte SR



PATACA

O mercado da pataca ecolóxica en Europa xa está en proceso de se saturar. Os prezos pagados en orixe aseméllanse cada vez máis ao que acontece en produción convencional, en contra, pois, das produtoras. Galiza podería ter algún nicho de mercado externo pola época de produción. No mercado galego, a pataca ecolóxica certificada non ten futuro a curto nen medio prazo, dado que compite directamente co autoconsumo. Pola outra banda, a produción comercial con-

vencional está demasiado asentada como para poder imaxinar que no medio prazo as zonas de produción convencional se reconvirtan á produción ecolóxica. Finalmente, ter en conta que, para o control de pragas, enfermidades e fertilización, a pataca ecolóxica non pode ser un monocultivo, senón que debe ir integrada nunha rotación. Por iso, non se pode pensar reconvertir a estrutura actual da produción, o que fai moi pouco viábel calquera intento de reorganizar no curto prazo as zonas intensivas.

Pola contra, o mercado da pataca de semente ecolóxica terá a medio prazo un desenvolvemento maior. Nas zonas altas da Galiza, onde houbo experiencias no pasado de produción de pataca de semente, existe un potencial que se debería empezar a atender. Por todo isto, o desenvolvemento da produción de pataca ecolóxica non pode considerarse de xeito isolado, senón que debe formar parte dunha estratexia máis global de fomento da produción ecolóxica de horta. A produción extensiva de semente ecolóxica, en rotación con terras forraxeiras (renovación de prados), deberíase estudar en detalle.

KIWI

A comercialización do kiwi está agora copada por un sistema moi monopolista que traballa á vez as producións ecolóxica, convencional e integrada. Noutros países, xa se mostrou que este enfoque é moi negativo para o desenvolvemento da produción ecolóxica, que mesmo termina por desaparecer e ser substituída pola produción integrada (que só se limita a cumprir a lexislación en vigor no que se refire a tratamentos

químicos, nada máis). Na Galiza, entramos neste proceso neste último ano.

A produción de kiwi galego é aínda moi natural, pero coa extensión das superficies e o manexo dos fertilizantes químicos, é moi probábel que nun curto prazo de tempo empeceamos a ter problemas de pragas e enfermidades, dun xeito semellante ao que está a acontecer cos eucaliptos, facéndose a produción ecolóxica máis difícil.

Aínda recoñecendo que en non poucos casos sexa unha produción complementaria, do mesmo xeito que as castañas ou o viño, a produción de kiwi podería ser un polo de desenvolvemento da produción ecolóxica e de reorientación da produción convencional. Para isto sería necesario unha reestruturación comercial do sector. Tamén habería que acoplar esta produción ao manexo da cuberta vexetal, mediante pastoreo con pitas e pitos (ver máis adiante)

MAZÁ

Para ser exactos, deberíamos falar máis de recolección que de cultivo. Existe unha produción caseque ecolóxica de

mazá de sidra, que é a que se está a usar fundamentalmente nestes intres para o abastecemento dunha empresa de transformación. Até a data, a certificación non supuxo unha transformación do sistema produtivo máis intensivo, pero é posíbel que participara do mantemento de certas estruturas agrarias. Polo tanto, con unha perspectiva ecoloxista, deberíamos fomentar este tipo de produción, sempre e cando o que se fomente non sexan só as árbores de por sí, senón todo o sistema tradicional (hortas familiares, pastos, froiteiras...). En todo caso, á forza debemos asumir que o mercado da sidra ecolóxica non é puxante na Galiza; que non compite coa sidra asturiana nese país, no que a sidra ecolóxica tampouco compite coa sidra tradicional labrega.

En canto ás plantacións "modernas", tanto destinadas a sidra coma á mesa, acontece algo semellante ao kiwi. O desenvolvemento de monoproducións pensadas con unha visión moi convencional do que é a produción ecolóxica levará posíbelmente a unha transformación a medio prazo en plantacións integradas, sobre todo no caso da mazá de mesa.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE



galicia, naturalmente



CALIDADE AMBIENTAL • CONSERVACIÓN DA NATUREZA • DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE • AUGAS DE GALICIA

HORTA

A produción de horta ecolóxica comercial queda, coma a convencional, moi limitada a certas zonas xeográficas. Igual que en produción convencional, a súa rendibilidade é limitada, e exige grandes esforzos para uns beneficios que moitas veces precisan de seren completados con outros ingresos familiares. Trátase da produción ecolóxica que menos apoio recibe das administracións. Porén, é unha produción fundamental no desenvolvemento do "sector" da produción ecolóxica, pola realidade social que a sustenta: axentes sociais moi dinámicos, desenvolvemento das canles de comercialización máis ou menos curtas, e das alternativas reais á produción industrial. Pola outra banda, é a produción que máis biodiversidade aporta, e que mellor expresa a visión ecoloxista da produción ecolóxica, no senso de ser unha produción máis sustentábel.

Finalmente, coa desaparición cada vez máis rápida das nosas hortas familiares máis ou menos ecolóxicas, estase abrindo un espazo cada vez máis importante onde o consumo require de produtos da terra, mercado que, claramente, deben ocupar labregos e labregas deste país. En definitiva, a produción-transformación-comercialización de produtos da horta deberían centrar unha parte importante dos esforzos de desenvolvemento da produción ecolóxica galega

CARNE

A produción de carne ecolóxica galega mostrou un desenvolvemento moi importante, debido sobre todo ás subvencións agroambientais. Este desenvolvemento non terá estabilidade e nun prazo de 5 anos han desaparecer moitas explotacións certificadas. Existe non entanto un potencial ecolóxico e social moi alto na Galiza que cumpre aproveitar. Iso sí, deberase ter un especial coidado en non xerar competencia entre esta carne e a de denominación Terneira Galega.

LEITE

O desenvolvemento desta produción é problemático debido á estrutura das explotacións galegas: pequenas e extremadamente parceladas. Nestes intres, a produción ecolóxica de leite queda polo tanto reservada sobre todo a explotacións de certo tamaño. Non poucos expertos ven inicialmente na produción ecolóxica unha posíbel vía de escape fronte á aplicación das cotas. Iso é verda-



de só no caso de explotacións medianas-grandes; só estas explotacións poden dar o paso sen perder cartos. Aínda así, hai que reunir moitos requisitos, tanto naturais como técnicos e sociais para que a explotación se beneficie da reconversión.

En todo caso, as condicións ecolóxicas galegas dan á produción de leite unhas grandes vantaxes comparativas, con un potencial que deberíamos aproveitar. A maiores, sábese que os lácteos son os produtos ecolóxicos coas taxas de crecemento de consumo maiores. Deberíase pois fomentar esta produción, con certos matices, claro está, na súa comercialización e transformación. Isto pode pasar polo desenvolvemento de novas fórmulas de presentación e comercialización de leite do día ou leite pasteurizado, con destino ao mercado interno.

AVES

O desenvolvemento da cría ecolóxica de aves está tropezando neste intre coa lexislación sanitaria do sector. Para simplificar, diremos que na práctica a cría ecolóxica de pitos e pitas está sometida á mesma lexislación que a produción industrial de ovos e pitos, impedindo a legalización da actividade. Fronte a esta situación, estase a iniciar

o desenvolvemento dun sistema de cría ecolóxica con base en interpretacións moi particulares do regulamento correspondente, mais o sistema ten realmente pouco de ecolóxico. Pola outra banda, as dificultades para realizar unha matanza caseira legal son outro atranco engadido.

En canto ao mercado, do mesmo xeito que no caso das patacas, os ovos ecolóxicos non teñen a curto prazo moito futuro na Galiza por competencia do autoconsumo. A carne, pola súa banda, debe manter un prezo moi significativamente superior ao prezo do que chaman "polo" convencional, coa conseguinte limitación do seu mercado.

Galiza ten un potencial enorme de produción de ovos e carne de aves que cumpre explotar. Dende unha postura ecoloxista, deberíamos traballar no senso de revisión dos criterios da sanidade vexetal para permitir a legalización de pequenas unidades de produción e transformación. Estas unidades deberían entenderse como complemento doutras producións ecolóxicas, nomeadamente as producións froiteiras, polo papel que poden xogar na sustentabilidade ecolóxica dos sistemas produtivos así conformados.